

LEMBRANZA

EN MEMORIA

*¿Por que non mandas cortar
tanta guerra, tanto sangue
se ós húmildes nos abrangue
a vontade de soñar?*

*Fiz Vergara Vilariño
“Cantiga de Nadal”*

I

Cravado na mancada intimidade,
cantábaslle a un Belén rexo e labrego
e soñabas gaivotas co apego
da vida pola inútil残酷.

Muiñeiro á deriva con vontade
de descubrir e non volver ó rego,
fuches antes que nada bo galego,
artesán de bremanzas sen idade.

E cantábaslle a un berce luminoso
cando a morte inzaba a súa gadoupa
en ti de tan inxel tan namorado.
¡Que cravo fondo aquel en carne e óso
e que silencio frío nos estoupa
desque o Fiz se fixo aínda máis noso!

II

Amor desesperado, terra brava,
ferro candente, íntimo espanto,
singular tremecer e desencanto
nas louzariñas verbas que envorcabas.

A ese Deus a penas preguntabas;
primeiro era o amor contra o espanto,
a tenrura de costas ó quebranto
que bretemosas mágoas descravaba.

No portal, disconforme, invocabas
a imposible luzada doutro abrente
na deriva dun soño muiñeiro.
E xunto do Belén ben que pensabas
que se é dura a arte de ser xente,
¡canto más o oficio de cordeiro!

III

Haiche intifada, Fiz, onde querías
pastoras de sorrisos cara á vida;
falcóns e tiburóns feitos ferida
axexan pola dor que ben sabías.

No berce as palabras labradías
cederon á bremanza adoecida,
a mesma zafanada destemida
que mancou a congostra dos teus días.

E faltas, Fiz, igual que abonda o fume
agromado nos eidos das espiñas;
e precisa o Cortello doutro estrume
e reclama o Nadal as túas liñas
namoradas nun peito sen negrume
da Lóuzara Xabreira de onde viñas.

IV

Chamabas ó amor desde o soneto
que encetaran Petrarca e Garcilaso,
e cantabas porque viña ó caso
a un mártir más ca un neno, moi de preto.

Sentías derrubado o esqueleto
eivado sen un chío paso a paso;
seguro que triunfache no fracaso
igual que este meniño tan concreto.

A ti agarimoute unha cadela
belida, lambedora, louzarela
que, sen fel,
conmoveu a túa raíz.
E ó neno, con restrebas por casula,
é sabido que un boi e unha mula
lle deron garda, benquerido Fiz.

*En memoria de Fiz Vergara Vilariño, o
labrador dalgúns dos mellores sonetos na
nosa lingua, que acadou en varias ocasións
premios deste Certame e que agora,
enseguida, cumpriría medio século de vida.*